



INSTRUCCIÓN PARA A SOLICITUDE DE TÍTULOS

Para o trámite na oficina administrativa, cómpre traeres:

- **o impreso de solicitude do Título LOE** (secretaría virtual da web do centro)
- **o DNI e unha fotocopia,**
- **o título de Bacharelato e unha fotocopia,**
- **e o xustificante de ter aboado as taxas por expedición do título LOE** (tanto o exemplar para a persoa interesada como o exemplar para a administración).

Xunto co título, tamén se tramita de oficio o Suplemento Europeo ao Título, sen ningunha solicitude ou custo a maiores.

Respecto dos documentos da taxa, podes ir á páxina web da [AxenciaTributaria Galega](#), en "[Pago de taxas e prezos](#)". Poderías imprimir as follas e ir presencialmente aboar a taxa nunha entidade bancaria, ou pagar directamente cunha tarxeta de débito ou crédito (podes consultar a guía para o pagamento [aquí](#)).

Os códigos para cubrir a taxa son:

Consellería: Cultura, Educación e Universidade **Código 07**

Delegación: Servizos Centrais **Código 13**

Servizo: Ensino Medio **Código 03**

Taxa: Expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola LOE e dos seus duplicados **Código 302003**

Obxecto de pago: TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA. ESPECIALIDADE DE

Importe a ingresar: 70,73 €

[Familia Numerosa Xeral **35,38 €**]